		4º-VSCB1.5.2-Emprega estratexias para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.	*** Xeraliza estratexias xa coñecidas para solventar estados de incerteza, medo e fracaso.	CSC CSIEE CAA	X	X	X
		4º-VSCB1.6.1-.Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.	Aplica de xeito activo e positivo estratexias de resolución de conflitos no contexto escolar.	CSC CSIEE	X	X	X

**PROGRAMACIÓN ANUAL 4º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA**

C.E.I.P. A Rúa CURSO 2021 - 2022

	4º-VSCB1.6.2-Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.	Amosa autonomía e iniciativa persoal á hora de realizar propostas propias e abordar proxectos de carácter social.	CSC CSIEE CCEC	X	X	X
	4º-VSCB1.7.1-Sopesa as consecuencias das súas accións.	*** Asume as consecuencias que xeran as accións propias.	CSC CSIEE	X	X	X
	4º-VSCB1.7.2-Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.	*** Pon en práctica habilidades de respecto e solidariedade aprendidas na aula e é quen de xeralizar as mesmas a diferentes contextos da súa vida cotia.	CSC CSIEE	X	X	X
	4º-VSCB2.1.2-Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.	*** Adecúa os diferentes elementos comunicativos (verbais e non verbais) da súa mensaxe a situacións que impliquen estados de ánimo e sentimentos concretos.	CCL CSC	X	X	X
	4º-VSCB2.1.3-Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.	Apoia os seus discursos orais con elementos propios da comunicación non verbal (kinesésicos, proxémicos e paralingüísticos).	CCL CSC CAA	X	X	X
	4º-VSCB2.1.4-Expón respectuosamente os argumentos.	*** Emprega a linguaxe positiva para argumentar.	CCL CSC	X	X	X

**PROGRAMACIÓN ANUAL 4º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA**

C.E.I.P. A Rúa CURSO 2021 - 2022

	4º-VSCB2.2.2-Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.	*** Participa en actividades grupais interesándose polas posturas alleas.	CCL CSC CSIEE	X	X	X
	4º-VSCB2.2.3-Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.	*** Aмоса interese polos demais integrantes do grupo no traballo colaborativo.	CAA CSIEE CSC CCL	X	X	X
	4º-VSCB2.3.1-Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas.	*** Procura a efectividade do intercambio comunicativo empregando habilidades sociais xa cometidas.	CCL CSC	X	X	X
	4º-VSCB2.3.2-Aмоса interese polos seus interlocutores.	Emprega estratexias de atención e concentración en situacións comunicativas.	CCL CSC	X	X	X
	4º-VSCB2.4.1-Expresa abertamente as propias ideas e opinións.	*** Expón con seguridade e de xeito argumentado as súas ideas e opinións persoais fronte a acontecementos a situación.	CCL CSC CSIEE	X	X	X
	4º-VSCB2.4.2-Emprega a linguaxe positiva.	*** Exprésase de xeito positivo tanto nas situacións xurdidas na aula coma nas demais situacións cotiáns que impliquen un intercambio comunicativo cos demais.	CCL CSC	X	X	X

**PROGRAMACIÓN ANUAL 4º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA**

C.E.I.P. A Rúa CURSO 2021 - 2022

	4º-VSCB2.6.1-Emprega diferentes habilidades sociais.	*** Xeraliza habilidades sociais xa coñecidas ás situacións espontáneas da vida cotiá.	CSC	X	X	X
	4º-VSCB2.6.2-Participa activamente en actividades grupais e reflexiona sobre a súa contribución á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.	*** Contempla a importancia do esforzo individual no mantemento dunhas relacións sociais sans e positivas no traballo grupal.	CSC CSIEE	X	X	X
	4º-VSCB2.7.1-Respecta e acepta as diferenzas individuais.	*** Aмосa respecto polas particularidades dos demais.	CSC	X	X	X
	4º-VSCB2.8.1-. Forma parte activa das dinámicas do grupo.	*** Implícase de xeito colaborativo e cooperativo nas dinámicas propostas.	CSC CSIEE	X	X	X
	4º-VSCB2.8.2-Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	Forma lazos de amizade e coida os mesmos empregando a afectividade e as normas básicas que rexen a confianza.	CSC CSIEE	X	X	X
	4º-VSCB3.1.1-Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	*** Participa de forma colaborativa e cooperativa na posta en marcha de proxectos.	CSC CSIEE	X	X	X
	4º-VSCB3.1.2-. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais	*** Aмосa unha actitude empática e de respecto fronte á expresión de	CSC CSIEE	X	X	X

**PROGRAMACIÓN ANUAL 4º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA**

C.E.I.P. A Rúa CURSO 2021 - 2022

		compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	opinións, sentimentos e emocións alleos.				
		4º-VSCB3.2.1-Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	É capaz de demandar axuda cando o precisa e identificar e participar nas situacións nas que outros precisan da mesma.	CAA CSIEE CSC	X	X	X
		4º-VSCB3.2.2-Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais.	Demanda axuda cando o precisa e identificar e participar nas situacións nas que outros precisan da mesma.	CAA CSIEE CSC	X	X	X
		4º-VSCB3.2.3-Respecta as regras durante o traballo en equipo.	*** Cumpre as normas sociais básicas que rexen o traballo grupal	CSC	X	X	X
		4º-VSCB3.2.4-Emprega destrezas de interdependencia positiva.	Manifesta unha actitude aberta para axudar e ser axudado.	CSC CSIEE CAA	X	X	X
		4º-VSCB3.3.3-Respecta as normas do centro escolar.	*** Coñece as normas do centro e actúa respectando as mesmas.	CSC	X	X	X
		4º-VSCB3.4.1-Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta.	*** Aplica as habilidades que xa coñece, mediante apoio como as autoinstrucións, na procura da mellora da convivencia.	CSC CSIEE	X	X	X



**PROGRAMACIÓN ANUAL 4º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA**

C.E.I.P. A Rúa CURSO 2021 - 2022

		4º-VSCB3.4.2-Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.	Emprega unha linguaxe positiva axeitada á finalidade dos seus intercambios comunicativos.	CSC CCL	X	X	X
PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as  INSTRUMENTO: Producións plásticas	30%	4º-VSCB1.1.1-Expresa a percepción da súa propia identidade relacionando a representación que fai de un mesmo e a imaxe que expresan das demais persoas.	*** Comunica ás demais persoas os trazos característicos do seu autoconceito.	CSC CCL	X		
		4º-VSCB2.1.1-Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións	*** Fundamenta de xeito coherente as súas opinións, sentimentos e emoción.	CCL CSC CSIEE	X	X	
		4º-VSCB3.3.2-Participa na elaboración das normas da aula.	*** Reflexiona sobre a importancia de colaborar na recompilación dos dereitos e deberes na aula realizando aportacións propias de xeito fundamentado.	CCL CSC CSIEE	X		
		4º-VSCB3.7.2-Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de	Analiza informacións vertidas nos diferentes medios de comunicación e	CSC CD CCL			

**PROGRAMACIÓN ANUAL 4º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA**

C.E.I.P. A Rúa CURSO 2021 - 2022

		corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación.	valora de xeito crítico a diferenza de cargos de responsabilidade familiar.	CCEC CSIEE	X	X	X
		4º-VSCB3.9.1-Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	Implicase na posta en marcha de campañas de concienciación sobre seguridade viaria.	CSC CSIEE	X	X	X
<p>PROCEDEMENTO: Intercambios orais cos alumnos/as</p> <p>INSTRUMENTO: Posta en común</p>	40%	4º-VSCB1.1.2-Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.	*** Describe as súas calidades e limitacións dende un punto de vista constructivo.	CSC CCL CAA	X	X	X
		4º-VSCB1.2.1-Razoa o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.	*** Valora a importancia da responsabilidade individual tanto para acadar fins propios coma colectivos	CSC CCL CSIEE	X	X	X
		4º-VSCB1.6.3-Define e formula claramente problemas de convivencia.	*** Identifica problemas de convivencia e expón a fundamentación dos mesmos.	CSC CSIEE	X	X	X
		4º-VSCB2.2.1-Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.	Atende ás exposicións alleas dende unha perspectiva empática.	CCL CSC	X	X	X

**PROGRAMACIÓN ANUAL 4º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA**

C.E.I.P. A Rúa CURSO 2021 - 2022

	4º-VSCB2.5.1-Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.	Interrelaciona de xeito reflexivo ideas e opinións para extraer conclusións sobre aspectos comúns.	CCL CSC CAA	X	X	X
	4º-VSCB2.7.1-Respecta e acepta as diferenzas individuais.	*** Aмосa respecto polas particularidades dos demais.	CSC	X	X	X
	4º-VSCB2.7.2-Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas.	*** Percibe e comunicar as calidades dos demais de xeito positivo.	CSC	X	X	X
	4º-VSCB3.3.1-Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social	*** É consciente e xustifica a importancia das normas de convivencia nos diferentes ámbitos sociais.	CCL CSC	X	X	X
	4º-VSCB3.4.3-Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito.	Percibe a analiza as diferentes posicións dos implicados nunha situación de conflito.	CSC CSIE E	X	X	X
	4º-VSCB3.5.1-Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia	Coñece a importancia que teñen os dereitos de todos os nenos e nenas e é quen de verbalizar os mesmos de xeito fundamentado.	CSC CCL		X	X
	4º-VSCB3.5.2-Xustifica a importancia de	Expón a necesidade de proporcionar	CSC	X	X	

**PROGRAMACIÓN ANUAL 4º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA**

C.E.I.P. A Rúa CURSO 2021 - 2022

	que todos os nenos e nenas reciban axuda.	axuda aos demais nenos e nenas para superar situacións de desigualdade.				
	4º-VSCB3.5.3-. Razona as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas	Analiza e extrae conclusións acerca do incumprimento dos dereitos da infancia.	CSC CSIEE		X	
	4º-VSCB3.6.1-Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.	Expresa a interdependencia de dereitos e deberes nunha convivencia social efectiva en condicións de xustiza e igualdade.+++	CSC CCL		X	
	4º-VSCB3.6.2-Razona a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia.	Analiza de xeito crítico as informacións vertidas en fontes dixitais sobre situacións reais relacionadas cos dereitos de todos os nenos e nenas.	CSC CCL CD		X	
	4º-VSCB3.6.3-Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo	*** Busca información a través de diferentes fontes, analiza a mesma e extrae conclusións propias acerca da relación existente entre o sexo e o reparto de responsabilidades en contextos próximos á súa realidade.	CSC CCEC CCL CD CMCT CSIEE			X
	4º-VSCB3.7.1-Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia	*** Coñece e expresa a importancia da igualdade efectiva entre homes e mulleres en tódolos ámbitos da vida, facendo fincapé no doméstico e familiar.	CSC CCL		X	

**PROGRAMACIÓN ANUAL 4º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA**

C.E.I.P. A Rúa CURSO 2021 - 2022

		4º-VSCB3.8.1-Amosa interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela.	*** Respecta a natureza ao concibir a mesma como algo do que as persoas tamén forman parte.	CSC	X	X	
		4º-VSCB3.8.2-Razoa os motivos da conservación dos bens naturais.	Expón de xeito fundamentado a importancia da responsabilidade, tanto individual como colectiva, no coidado e preservación da riqueza natural.	CSC CCL	X	X	

## 5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

### • Aprendizaxe cooperativo.

A metodoloxía que utilizarei está baseada na aprendizaxe cooperativa. Os equipos estarán organizados en pequenos grupos de traballo.

Tamén traballaremos en gran grupo e individualmente cando a actividade así o requira, de maneira que se traballe en todas as situacións de aprendizaxe que favorezan o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.

### • Liñas metodolóxicas xerais.

• Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, facendo referencias ás súas aprendizaxes anteriores, así como ao desenvolvemento do neno/a e ás súas características psicoevolutivas.

Elaboraremos esquemas e mapas conceptuais para comprendermos a estrutura do tema que imos traballar.

Seguiremos unha metodoloxía expositiva, investigadora (ao través de proxectos de procura documental), descubridora, creativa, activa e participativa, fomentando debates e discusións para fomentar a creación dun espírito crítico.

Consideramos necesario aumentar a retención (memorización) de coñecementos, pero sempre coa fin de que esas aprendizaxes sexan significativas e funcionais.

Procuraremos a socialización do alumnado.

Daremos unha especial importancia á cooperación a través do traballo cooperativo.

Proporcionaremos guías e estratexias de aprendizaxe, fomentaremos o afán de superación e a interiorización das normas do centro.

Procuraremos traballar a comprensión e expresión lectoras así como a expresión oral nos seus

distintos aspectos (escoitar, falar, discurso, debate, exposicións, técnicas gráficas, manipulación matemática ).

□ Salientar aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles e seleccionar aqueles *contidos que sexan máis relevantes* para acadar as competencias; os contidos deberán ser analizados dende a óptica da utilidade para formar cidadás e cidadáns cos perfís necesarios para moverse con adecuación, responsabilidade e liberdade no mundo actual, vale máis traballar poucos contidos e en profundidade que moitos e de xeito superficial e non significativo.

□ Dotar os contidos dun *enfoque integrador e globalizador*, evitando a compartimentación e a fragmentación dos contidos por áreas.

□ Centrarse na *funcionalidade*, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación en contextos diferentes e diversificados e conseguindo que as nenas e os nenos desenvolvan diversos xeitos de actuación e adquiren a capacidade de enfrontarse a situacións novas.

□ Procurar que o alumnado *aprenda a aprender* e participe na planificación e toma de decisións sobre o traballo, controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo.

□ Favorecer o traballo cooperativo e a práctica vivenciada da *participación*, compromiso democrático e resolución pacífica de conflitos e promover a interacción social entre iguais contemplando diversos modos de agrupamentos.

□ Permitir ao alumnado moverse con seguridade entre a abundancia e rápida renovación da *información*, fomentando habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da mesma. Serán precisos enfoques didácticos que permitan ao alumnado utilizar cada vez máis autonomamente as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.

- Distribuír o *espazo* de tal xeito que favoreza a planificación conxunta e a autonomía nas tarefas, a organización dos materiais e recursos, a adopción de fórmulas variadas de agrupamento acordes coas necesidades diferentes de traballo na etapa...
  
- Poñer ao alcance do alumnado *fontes e recursos* variados, cotiás e familiares, mesturando o dixital e o tradicional, o innovador e o clásico...
  
- Facilitar a *autorregulación das aprendizaxes* por parte do alumnado para ir facéndose consciente do seu propio proceso de aprendizaxe.

No caso de que ao longo deste curso se producirá un novo confinamento domiciliario do alumnado, esta programación non podería levarse adiante tal e como está explicitada neste documento e tomaríamos as medidas necesarias. As clases se desenvolverían de xeito virtual a través da Aula Virtual, na que o alumnado atoparía os contidos propios de cada área e as tarefas a realizar. A comunicación grupal realizaríase a través de videoconferencias en pequenos grupos e en gran grupo.



## 6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Cadernos grande, con pauta, para lingua galega, lingua castelá.
- Cadernos de cuadrícula para matemáticas.
- Folios para desenvolver os proxectos de Ciencias Sociais e da Natureza.
- Libros de texto de Lingua Galega, Lingua Castelá, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e Matemáticas de distintas editoriais.
- Dicionario Castelán e Galego.

Outros materiais didácticos: láminas de observación, contos seleccionados pola mestra referidos a determinados temas que traballamos este curso, material fotocopiado de fichas de reforzo e ampliación.

- Recursos do entorno: (saídas, exposicións, teatro...)
- Recursos audiovisuais.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Aulas de desdobre.
- Materiais elaborados polo alumnado no desenvolvemento de cada proxecto.
- Bloc de Proxectos e creacións que se realicen durante o proceso e ao remate dos proxectos.
- Libros de lectura da Biblioteca Escolar e da aula.

- **Outros recursos didácticos que responden á metodoloxía citada:**

- Utilizaremos a arte, a lectura de imaxes, os contos, dramatizacións, teatro, as cancións e a música.
- Obradoiro de Radio Escolar.
- Recantos en función dos proxectos desenvolto (plástica, experimentos, laboratorio...).
- Recursos audiovisuais: ordenador, pizarra dixital...

- **Outras medidas organizativas:**

Organización dos espazos.

a) En canto á organización do espazo escolar teremos en conta:

- Ter adecuadas condicións de iluminación, aireación, climatización e boa acústica.
- Crear un ambiente agradable para desenvolver relacións interpersoais.
- Facilitar as funcións do currículo.

b) En canto á distribución de materiais:

- A distribución da aula facilitará o acceso das nenas e nenos aos obxectos e materiais que precisen.
- A decoración da clase motivará ao alumnado na aprendizaxe polo que estes elementos irán cambiando ao longo do curso.
- Dispor de material didáctico que facilite o desenvolvemento e a aprendizaxe do alumnado, e a súa utilización será, unhas veces dirixida e outras libre.
- Cada material terá un espazo específico e sinalizado para que as nenas e nenos adquiren autonomía ao tempo que vaian asumindo pequenas responsabilidades.

Organización do alumnado.

O alumnado está distribuído en pequenos grupos respectando, entre eles, a distancia de seguridade e a normativa propia do protocolo Covid.

En función dos requirimentos de cada situación didáctica, as nenas e nenos traballarán de forma individual, en parella ou de forma cooperativa sempre e cando a situación o permita xa que forman parte dun grupo estable de convivencia.

Organización dos tempos.

a) Atención a nais/pais:

O horario de atención a nais/pais será tódolos martes de 18.30 h a 19.30 h.

b) Horario semanal de 4º de EP

**PROGRAMACIÓN ANUAL 4º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA**

C.E.I.P. A Rúa - CURSO 2021 - 2022

<b>ÁREAS</b>	<b>3º CURSO</b>
Lingua castelá e literatura	4
Lingua galega e literatura	4
Lingua estranxeira	3
Educación artística	2
Educación física	2
Matemáticas	4
Ciencias sociais	2
Ciencias da natureza	2
Libre Configuración	1
Relixión / Educación en Valores	1
<b>TOTAIS</b>	<b>25</b>

## 7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os **criterios de avaliación** están especificados na programación anual do curso e atenderán aos seguintes aspectos:

- progreso do alumno e alumna na área
- diferentes elementos do currículo
- adquisición das competencias clave
- necesidade de establecer medidas de reforzo.

### - **Criterios para a cualificación:**

A nota final será o conxunto de varios aspectos: esforzo e predisposición, actitude na aula, traballos feitos na aula, implicación na realización das actividades...

As porcentaxes referidas a cada área son as seguintes:

- elaboración do traballo diario: 15%
- presentación dos traballos: 10%
- probas escritas: 60%
- implicación á hora de realizar as tarefas: 10%
- coidado do material: 5%

**Os criterios de cualificación serán:**

0,1, 2, 3, 4: insuficiente

5: suficiente

6: ben

7/8: notable

9/10: sobresaínte

### **Criterios para a promoción do alumnado:**

O alumnado promocionará ao nivel seguinte sempre que o equipo docente considere que alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e o axeitado grao de madurez.

Así mesmo promocionará sempre que as aprendizaxes non alcanzadas non lle impidan seguir con aproveitamento o novo curso.

A decisión de promoción dun alumno tomaráa o equipo docente de forma colexiada. Para esta decisión, haberá que ter tomado especial consideración a opinión da titora. Para tomar as decisións sobre promoción, terásese en conta o grao de consecución de cada estándar que presente o alumno, especialmente en estándares considerados fundamentais ou máis completos por englobar varios aspectos.

Como norma xeral, promocionarán:

- Os alumnos que superen todas as áreas.
- Os alumnos que superen as áreas de Lingua galega e Lingua castelá e Matemáticas, aínda que non superen algunha das outras áreas ou a totalidade das outras áreas.
- Os alumnos que, sen superar as áreas de Lingua galega, Lingua castelá e Matemáticas se considere que pode superalas no vindeiro curso cun plan de reforzo específico.

E non promocionarán:

- Os alumnos que non superen as áreas de Lingua galega e/ou Lingua castelá e/ou Matemáticas e se considere que non poderán superalas no vindeiro curso aínda cun plan de reforzo específico.

## **8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

Para avaliar o proceso de ensino aprendizaxe teranse en conta os seguintes **indicadores de logro**.

**PROGRAMACIÓN ANUAL 4º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA**

C.E.I.P. A Rúa - CURSO 2021 - 2022

<b>INDICADORES A AVALIAR</b>	<b>SEMPRE</b>	<b>HABITUALMENTE</b>	<b>ÁS VECES</b>	<b>NUNCA</b>
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos...) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.				
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas na aula.				
Conseguiuse a participación activa do alumnado.				
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos estándares e competencias clave.				
A secuenciación dos estándares favoreceu a súa correcta adquisición.				
Usáronse estratexias e procedementos de auto-avaliación e coevaluación en grupo.				
Proporcionouse ao alumnado un "feedback" de como evoluciona o seu proceso de aprendizaxe.				
Usáronse instrumentos e procedementos de avaliación variados en relación aos aspectos a valorar.				

**PROGRAMACIÓN ANUAL 4º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA**

C.E.I.P. A Rúa - CURSO 2021 - 2022

Realizo a programación da miña actividade educativa planificando algunhas tarefas				
Lévanse a cabo na práctica os acordos de centro para avaliar as Competencias Clave, así como os criterios de avaliación das áreas tomando como referencia dos mínimos dos estándares acordados				
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.				
Os recursos foron diversos, variados, do contorno próximo e adaptado ás características do alumnado.				
Planifico a miña actividade educativa do forma coordinada co resto do profesorado e equipos.				
Usamos diferentes medios de información ás familias.				
Fomentamos a implicación e participación activa das familias na vida da escola.				
Utilizouse de forma eficaz as TIC nos procesos de ensino aprendizaxe				
Mantívose un clima na aula no que os				



alumnos se sintan seguros, con confianza, motivados e usando a disciplina e liberdade en función da vida da aula.				
Tiveronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos, agrupamentos( traballo cooperativo, en grupo, parellas...) e propostas.				
Modificouse a planificación ao longo do curso, atendendo a flexibilidade, en función da vida cotiá do centro e da aula.				
Nas saídas didácticas a planificación foi a axeitada en canto a tempo, climatoloxía, desprazamento, a propia actividade...				

## 9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCIÓN DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial levarase a cabo durante os primeiros quince días de curso mediante diferentes instrumentos.

Realizaránselles aos alumnos/as probas tanto de competencia lingüística como de competencia matemática, con contidos traballados no curso pasado para saber cal é o punto de partida para levar a cabo o proceso de ensino e aprendizaxe.

Incluiránse tamén outros aspectos que consideramos son importantes á hora de realizar a avaliación inicial do alumnado: a autonomía persoal, a adaptación ao grupo, a adquisición das normas, as relacións establecidas cos compañeiros/as, a escoita e a atención e os hábitos de traballo.

Os resultados desta avaliación rexistraranse nunha lista de cotexo, coas correspondentes observacións. Esta información axudará a valorar as dificultades ou axudas que precise o alumna-

do; ta-mén se utilizará como punto de partida da avaliación continua. As avaliacións iniciais permitirannos facer as propostas de intervención, respondendo, deste xeito, ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.

Os resultados finais recolleranse no informe inicial de cada alumno/a no XADE. As familias serán informadas do resultado desta avaliación.

## 10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade debe entenderse como unha riqueza e contemplar actuacións para a totalidade do alumnado, non só para aquel con necesidades educativas especiais, rexeitando calquera tipo de discriminación.

O profesorado coñecerá a situación persoal do alumnado: principais datos evolutivos e de saúde, estilo e ritmo de aprendizaxe, capacidade, circunstancias familiares, intereses, relacións que establece dentro e fóra da aula...

Para coñecer o punto de partida do alumnado e axustar a intervención utilizaranse:

- guías de avaliación inicial
- informes da orientadora
- información aportada por outro profesorado
- outros informes

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe poñeranse en marcha as medidas de atención que estean ao alcance do centro:

- de tipo organizativo
- metodolóxicas
- de recursos

- de cooperación familiar.

O profesorado titor responsabilizarase da coordinación entre o profesorado e o departamento de orientación para concretar o currículo.

**Medidas que se prevén:**

Estas medidas, levaranse a cabo sempre que o permita a actual situación epidemiolóxica e a normativa propia do protocolo Covid.

- traballos por proxectos

- traballos por tarefas complexas

- actividades internivel

- actividades multinivel

- actividades nas que o alumnado sexa posto en situación de éxito e que favorezan a autoestima

- aprendizaxe cooperativa

- titorización entre iguais

- flexibilización de agrupamentos: parella, equipos, gran grupo...

- utilización de todos os espazos do centro que faciliten distintos agrupamentos e favorezan a interrelación

- diversidade e abundancia de recursos

- actividades de revisión, ampliación e reforzo educativo

- flexibilización da avaliación

- apoio na aula doutro profesorado

-

O *alumnado con necesidades educativas especiais* que requira determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas da súa discapacidade ou trastornos graves da conduta, será atendido tendo en conta o principio de inclusión e seguindo os criterios establecidos para os apoios no Plan de atención á diversidade.

Tamén hai que ter en conta ao alumnado repetidor ou alumnado con materias pendentes. Neste grupo non hai ningún alumno que non promocionara, pero si que hai un alumno cunha materia pendente de 3º, polo que recibirá apoio na aula ademais de varias sesións semanais coa especialista de AL. O que se persegue con estes apoios é o seguinte:

- Preparar ao alumno/a con dificultades de aprendizaxe nas técnicas instrumentais básicas para cursar con garantías de éxito a educación primaria.
- Contribuir ao desenvolvemento integral do alumno nos seus distintos ámbitos: persoal, social e académico.
- Propiciar no alumno unha actitude positiva e activa cara a aprendizaxe potenciando experiencias de éxito académico.
- Fomentar hábitos de organización e constancia no traballo.
- Reforzar a autoestima persoal, escolar e social do alumno.
- Implicar á familia na mellora académica do seu fillo.

Ademais dos apoios, tamén se terá en conta a metodoloxía que se vai a empregar, utilizando materiais máis motivadores para o rapaz, actividades e tarefas que sexan máis curtas, espazos nos que se sinta máis cómodo, modificación dos agrupamentos, etc.

Ao finalizar cada trimestre, os mestres implicados, valorarán as actuacións levadas a cabo co alumno para ver en que medida foron satisfactorias ou non, e, de ser o caso, adoptarán outras alternativas.

O contacto coa familia e a súa colaboración será indispensable durante todo o proceso. As propostas que lle fagamos á familia deben basearse na confianza mutua, ser concretas , ben definidas e delimitadas temporalmente, estar consensuadas, ser realistas, proporcionarlles indicacións e materiais necesarios, ser avaliáveis e ser positivas, que destaquen o beneficio que reportará ao alumno.

## 11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Como aparece no RD 126/2014, no artigo 11, hai elementos transversais que deberán tratarse en todas as áreas, sen perxuízo de que teñan un tratamento específico nalgunha delas. Eses elementos transversais son os seguintes:

- ✓ Comprensión lectora e expresión oral e escrita
- ✓ Comunicación audiovisual e TIC
- ✓ Espírito emprendedor
- ✓ Educación cívica
- ✓ Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
- ✓ Seguridade viaria
- ✓ Sostenibilidade e coidado do medio ambiente

Estes valores serán tidos en conta durante toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de seleccionar lecturas e materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar aos alumnos, de seleccionar estratexias que permitan o traballo en equipo e a colaboración.

Algunhas estratexias a utilizar serán asembleas, diálogos, dramatizacións, entrenamento en habilidades sociais, dinámicas de grupo, análise de situacións con valores en conflito, visionado e análise de vídeos seleccionados para traballar valores. E, por suposto, os libros son un recurso fundamental para traballar estes elementos que deben impregnar todo o currículo, non só pola posibilidade de seleccionar os que conteñen historias con contidos deste tipo, senón porque os libros e as lecturas permítennos traballar emocións, estados de ánimo, diferentes motivacións, empatía ao poñernos no lugar dos personaxes...

Ademais, teráse en conta a importancia de colaborar coas familias a través das tutorías para que estes elementos transversais se consideren importantes tamén na casa e asegurar a coherencia entre familia e escola.

## **12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Aparecen recollidas na Programación Xeral Anual. Prográmanse, na medida que sexa posible, visitas culturais, exposicións, obras de teatro, etc. Dende os equipos de Actividades Extraescolares, Biblioteca e Dinamización Lingüística proporánse actividades ao longo do curso nas que a aula participará. Entre elas están:

- Conmemoracións e celebracións: Samaín, Magosto, Festival de Nadal, Día do Libro, Entroido, Día da Paz, Salón do Libro, Letras Galegas, Os Maios.
- Visitas culturais e excursións: as que se propoñan por parte dos mestres, contando co coñecemento do Claustro e coa aprobación do Consello Escolar.
- Actividades deportivas que o centro organice.

## **13.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO**

### **1-CONCRECIÓN/APLICACIÓN DO PLAN LECTOR**

Actividades previstas no Proxecto lector.

- Estimular o uso da biblioteca ante calquera necesidade informativa. Pode ser sobre os distintos proxectos que se traballen.
- Elaboración de murais, carteis con lemas alusivos ao día de celebración da biblioteca.
- Maratón de lectura para a celebración do día da biblioteca.
- Coñecer as funcións da biblioteca escolar e visitar a biblioteca pública.
- Recoñecer as zonas e a función dos espazos.
- Introducir as distintas funcións de información e lectura que poden ter os documentos.
- Seleccionar contos, narracións e libros de consulta sobre un tema concreto e comparar os

distintos tipos de texto.

- Diferenciar ficción e información, e a súa localización na biblioteca.
- Concursos de narración e contos de tradición oral.
- Respetar e coidar os materiais e recursos. Realizar un listado do que se pode facer para coidar os materiais.
- Utilizar as ilustracións como fonte de información.
- Establecer relacións entre imaxe e texto en distintos tipos de libros.
- Relacionar, ilustracións e os seus correspondentes pés textuais, situados de distintas maneiras nas páxinas, a partires de fotocopias seleccionadas.
- Organizar grupos de xogo, cada grupo seleccionará os libros da colección que se lle asinou segundo un criterio dado.
- Desenvolver o gusto pola lectura dos libros e letras galegas:

-efemérides, exposicións de libros, elaboración de murais, creación de contos.

### **Tempo mínimo diario para a lectura.**

O tempo mínimo de lectura que se dedicará na aula será de vinte minutos diarios. Ademais visitamos a biblioteca durante unha hora cada semana. Tamén realizamos empréstitos de libros de lectura que o alumnado poderá levar a casa co fin de desenvolver as súas aptitudes lectoras. É moi importante que o alumno non estea desvinculado das actividades de lectura fóra do contexto escolar, polo que incidimos moito ás nais e pais na importancia do apoio á lectura que as nenas e nenos deben recibir no ámbito familiar.

Se as circunstancias o permiten, realizaremos unha visita á biblioteca municipal.



### **Prácticas de fomento para a escritura.**

- Escribir en distintos soportes: encerado, ordenador, caderno, fichas de escritura...
- Escribir na aula de forma individual e tamén cooperando con outras nenas e nenos.
- Reler o que se escribe e falar de elo.
- Que o mestre/a escriba cos nenos.
- Escribir “textos auténticos para lectores reais”. Trátase de que os textos estean conectados coas experiencias cotiás do alumnado, así como que sexan motivadores e atractivos tendo en conta o seu momento evolutivo.
- Escribir para aprender, xogar, crear e gardar o escrito para posteriores consultas.
- Traballo de escritura individual, en grupo e coa familia.

### **CONCRECIÓN/APLICACIÓN DO PLAN DAS TICS.**

Traballaranse na aula de informática os seguintes aspectos:

- Apoia-lo desenrolo de destrezas fundamentais: lectura, escritura, cálculo e expresión, aproveitando a motivación que o emprego destas ferramentas leva aparellado.
  - Presentar de forma gráfica conceptos que poden resultar difíciles de entender para o alumnado.
- As simulacións favorecen o achegamento de experiencias e a aprendizaxe de conceptos complexos, a través da análise de procesos presentados de forma máis concreta.

• Apoia-la aprendizaxe con aplicacións que proporcionen actividades de reforzo ou ampliación para aqueles alumnos/as que o precisen. O profesor deberá buscar e elaborar materiais que respondan ás necesidades do centro e do seu alumnado. Como norma xeral, estas aplicacións han de cumprir os seguintes requisitos:

- Que sexan intuitivas.
- Que promovan a asociación de conceptos e o desenvolvemento de habilidades e destrezas do alumnado.
- Que motiven o seu uso e manteñan o interese en seguir usándoas.
- Que esperten a curiosidade, incentiven a investigación e promovan a construción de conceptos.
- Que estean vinculadas cos contidos.

• Documentar coas enciclopedias e atlas en CD-ROM, así como con consultas en Internet.

• Ante o exceso de información existente, o papel do profesor deberá ser o de educar para a selección e avaliación da mesma, póndoa ao servizo do desenvolvemento do pensamento e da resolución de problemas.

• Fomentar o intercambio, a procura conxunta e a realización de proxectos cooperativos mediante a realización de tarefas en equipo.

## **CONCRECIÓN/APLICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

### **Obxectivos**

- Previr conflitos de convivencia no centro educativo.
- Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por raza, sexo, idade ou discapacidade.
- Crear un clima de respecto, diálogo e colaboración entre os membros da comunidade educativa.
- Sensibilizar ao profesorado, as nais, pais e titores sobre a importancia de previr conductas violentas nos seus alumnos/as, fillos/as.
- Mellorar o clima de convivencia nos centros en beneficio duna educación de calidade.

### **Actividades**

- Participar nas actividades propostas polo observatorio da convivencia .
- Realización de actividades con motivo do día da Paz.
- Participación nas distintas propostas do Concello para a celebración das Xornadas Interculturais, Día da Muller, Xornada contra a violencia de xénero...
- Xogos cooperativos que fomentan o a participación.

## **14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

A avaliación non só afecta aos procesos de aprendizaxe do alumnado senón tamén ao resto de elementos implicados no proceso de ensinanza, ao profesor e ao mesmo deseño curricular, e avalíanse os obxectivos, contidos, competencias clave, metodoloxía, recursos organizativos e materiais, e o propio sistema de avaliación. Neste sentido, aos datos aportados pola avaliación continua do alumnado, parece conveniente incorporar información sobre a idoneidade dos distintos compoñentes da programación.

Dende unha perspectiva ampla, a avaliación da propia programación podería presentar tres momentos diferenciados:

- a. A comprobación de que a planificación se fixo correctamente e se concretaron as unidades de programación con todos os elementos curriculares prescriptivos incluídos.
- b. A reorientación continua derivada da aplicación na aula da programación didáctica. O docente, en coordinación co equipo didáctico, e dentro dos órganos de coordinación docente, analizará a adecuación da programación didáctica ao contexto específico do grupo-clase. A partir desta análise estableceráse as medidas de mellora que se consideren oportunas. As opinións do alumnado a través das súas autoavaliacións ou as postas en común son tamén unha referencia importante para unha valoración máis participativa e compartida do proceso de ensino-aprendizaxe.
- c. Por último, despois da aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva, completaráse cos resultados das avaliacións do alumnado.

Despois do proceso de autoavaliación, definiráse un plan de mellora vinculado aos aspectos que obtiveran calificacións máis baixas na avaliación, co que se persiga mellorar os resultados académicos do alumnado.

